

Coñecemento do galego no acceso á función pública local un estudo de caso: Moaña

Knowledge of Galician Language in the Access to the Local Administration a Study of Case: Moaña

Soledad RÍOS SANTOMÉ

Concello de Moaña
srsantom@yahoo.es

RESUMO

Este artigo pretende dar conta da avaliación do coñecemento do galego nos procesos selectivos levados a cabo na Administración local, concretamente no Concello de Moaña, ao longo destes últimos vinte anos (1980-2000). Aínda sendo este un aspecto no que se legislou de continuo desde 1983, data da Lei de normalización lingüística, a normativa non sempre se respectou.

PALABRAS CHAVE: Cómputo do galego, procesos selectivos, Administración local, lexislación, normalización lingüística na Administración.

RÍOS SANTOMÉ, S. (2005): "Coñecemento do galego no acceso á función pública local. Un estudo de caso: Moaña" *Madrygal (Madr.)* 8: 107-118.

RESUMEN

Este artículo pretende dar cuenta de la valoración del conocimiento del gallego en los procesos selectivos efectuados en la Administración Local, concretamente en el Ayuntamiento de Moaña, durante estos últimos veinte años (1980-2000). Aún siendo este un aspecto en el que se legisló continuamente desde 1983, fecha de la Ley de Normalización Lingüística, la normativa no siempre se respetó.

PALABRAS CLAVE: Cómputo del gallego, procesos selectivos, Administración Local, legislación, normalización lingüística en la Administración.

RÍOS SANTOMÉ, S. (2005): "Conocimiento del gallego en el acceso a la Función Pública Local. Un estudio de caso: Moaña" *Madrygal (Madr.)* 8: 107-118.

ABSTRACT

The aim of this article is to assess the knowledge of Galician language in the selective process which take place in the Local Administration, specifically in the Council of Moaña, during the last twenty years (1980-2000). Despite the fact that it is a subject which has been continuously legislated since 1983, date of the Linguistics Normalization Law, the regulation was not always respected.

KEY WORDS: Measurement of Galician language, selective process, Local Administration, legislation, linguistics normalization.

RÍOS SANTOMÉ, S. (2005): "Knowledge of Galician language in the access to the Local Administration. A study of case: Moaña" *Madrygal (Madr.)* 8: 107-118.

SUMARIO: 1. Consideracións previas. 2. Outras consideracións de interese. 3. Cómputo do galego para o acceso á función pública local. 4. Conclusións. 5. Referencias bibliográficas.

O datos que fornecen o presente artigo están extraídos dun traballo máis amplo (O galego no Concello de Moaña) que pretende analizar o proceso de normalización lingüística que tivo lugar neste Concello desde un remoto 1979, data da primeira Corporación democrática. Daquela, desde unha perspectiva global, buscouse analizar todos e cada un dos elementos implicados no proceso, do que a avaliación do galego nas probas selectivas para o acceso á Administración local foi un dos estudados.

A esixencia do coñecemento do galego ás persoas que traballan ao servizo da Administración pública galega non é unha novidade destes novos tempos de democracia. Desta reivindicación xa nos falaba Frei Martín Sarmiento no afastado século XVIII ou Antón Vilar Ponte, os homes da Xeración Nós ou das Irmandades da Fala nas primeiras décadas do XX (Mariño Paz, 1998). Como discorría o padre beneditino, nas institucións que rexían a vida da poboación non se podía ignorar a lingua que esta falaba. A práctica totalidade da poboación expresábase en galego. Porén era preciso que o funcionariado público dominase este idioma para poderse entender cos administrados. O Estatuto de Autonomía de 1936 fíxose eco desta reivindicación. Deixaba sentadas as bases para que o galego se instalase na vida administrativa á par có castelán pero o golpe de estado truncou calquera posibilidade de posta en práctica do estatuto acabado de aprobar¹. Tras a paréntese producida polo franquismo, o actual Estatuto de Autonomía (1981) e a Lei de normalización lingüística (1983) volven incidir na mesma cuestión. Establécese que o coñecemento do galego será considerado como mérito preferente no acceso á función pública e que os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns. Á parte doutro articulado sobre a materia e doutra lexislación, estatal e autonómica, que regula a presenza do galego nas administracións públicas² en Galicia, debemos ter presente que sempre estamos a falar de normativas, de leis que,

de sobra sabemos, na nosa Comunidade non sempre se perciben como de obrigado cumprimento. Sobre todo as que regulan cuestións lingüísticas.

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

A normativa en vigor e máis concretamente a Lei de uso do galego como lingua oficial das entidades locais declara o galego como lingua oficial da Administración local. Para facer efectiva esta oficialidade, prevé unha serie de medidas entre as que se conta “que nos concursos de acceso de funcionarios á Administración local se garanta o coñecemento da lingua galega” (artigo 2.º)³. É evidente que, tal como se leva proclamado longo tempo, a Administración local ten unha relación de proximidade coa cidadanía da que carecen as outras entidades públicas. O contacto directo e permanente coa poboación deseña un tipo de relación na que o achegamento e identificación entre ambos é maior ca en ningún outro organismo. Por outra parte, non podemos obviar que en Moaña a lingua da poboación é aínda maioritariamente o galego razón pola que podíamos pensar que a xuntanza destas tres características, proximidade, lingua da poboación e lexislación podían favorecer a posta en práctica deste articulado. En suma, que para a selección do seu persoal tivese en conta o coñecemento do galego.

Con todo, e antes de centrarnos na análise dos procesos selectivos efectuados, debemos realizar algunhas precisións previas que consideremos de interese. En primeiro lugar, sabemos por propia experiencia que a maioría do persoal empregado nos concellos⁴ é galego. Aínda máis, adoita ser do propio municipio no que traballa. Isto significa, por tanto, que existe un coñecemento previo da lingua galega ao ser aínda o contorno no que se moven galegofalante e o contacto coa lingua continuo, con excepción das grandes cidades⁵. Así que, no peor dos casos, estaríamos a falar dunha competencia oral pasiva moi alta por parte do funcionariado. Sabemos, por outra parte, que é

¹ O devandito Estatuto establecía por primeira vez na historia a cooficialidade dos idiomas galego e castelán en Galicia. Así mesmo, dispoñíase que nas escolas sería obrigatorio o ensino do galego e do castelán e que nos institutos e Escolas Normais debería dispensarse docencia de lingua, literatura, xeografía e historia de Galicia á vez que se poderían dotar de cátedras universitarias e subvencionar institucións dedicadas ao estudo da cultura galega.

² A propia Xunta de Galicia editou un libro *Lexislación da lingua galega* (2001) onde se expón con detalle toda a lexislación promulgada para o efecto.

³ Inciden tamén neste aspecto a Lei de normalización lingüística, no seu artigo 11 e a Lei da función pública de Galicia no seu artigo 33.

⁴ A nosa análise centrase unicamente nos concellos ignorando as deputacións, que tamén pertencen á Administración local.

⁵ Información en detalle das porcentaxes das linguas iniciais, habituais, usos lingüísticos, etc. poderase atopar nos volumes editados polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega.

común que, coa mesma excepción das grandes cidades, unha porcentaxe considerable deste mesmo persoal sexa galegofalante, característica máis apreciable nas xeracións máis vellas, nas profesións menos técnicas e de menor responsabilidade. Pola contra, tanto determinados departamentos (arquitectos, apareladores, secretarios, interventores...) como o persoal máis novo adoita estar instalado xeralmente no castelán sen demasiadas excepcións. É de incidir, igualmente, que a fala dos funcionarios galegofalantes, ao ser naturais da zona na que traballan, non é percibida como allea polos veciños e si como unha variante dialectal⁶ coa que se identifican plenamente o que reforza os vínculos da comunidade.

Por outra parte, a posibilidade de formación no noso idioma non é homoxénea no período estudado. Aínda que desde a década dos oitenta⁷ se viñan realizando cursos de galego de xeito esporádico⁸ non é ata que a Xunta de Galicia se ocupa de organizalos sistematicamente cando a posibilidade de acceso se fai máis doada. Concretamente, comézase a organizar cursos de formación para funcionarios da Administración local nun afastado 1983⁹, aínda que estes gañaron en número a medida que nos desapegamos desa data. A poboación adulta interesada debeu agardar (coa salvidade descrita dos cursos mencionados) a 1988, data na que quedaron establecidos igualmente de xeito habitual. A outra posibilidade de formación reside no ensino. A principios dos anos setenta existía un movemento reivindicativo para incorporar o galego ás aulas e que que acaba sendo defendido desde sindicatos como a UTEG¹⁰ ou o Manifesto dos ensinantes de Galicia de 1976 (Bouzada, X. e Monteagudo, H (coord.), 2002: 46). Nese momento, a Administración permite a través da Lei xeral de educación (1971) o ensino do galego de xeito voluntario (sempre con condicións moi restritivas). Algo semellante acontece en 1975. O

Decreto 2929/1975 autoriza o uso das linguas nativas españolas como materia voluntaria para o alumnado de Preescolar e de EXB. Esta situación muda lixeiramente tras a morte de Franco. Daquela, promúlgase o que se denominou decreto do bilingüismo (Real decreto 1981/1979)¹¹ a través do cal se foi incorporando progresivamente o galego ao ensino de xeito que na actualidade non é só lingua da Administración educativa, senón materia de estudo e lingua vehicular dalgúns disciplinas¹². Isto repercute directamente no grao de formación en galego das xeracións máis novas que posúen maior competencia lingüística na lecto-escritura cás anteriores. E que de xeito xeral se soe acreditar na Administración a través dos diplomas de iniciación e perfeccionamento maiormente. Non obstante, a diversidade e tipo de probas no acceso á Administración sobre o coñecemento do galego (voluntarias ou esixidas, test ou redacción, oral ou escrita, etc.) ten sido de tal magnitude que a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística (AFNL) creu interesante chegar a determinar uns perfís lingüísticos para cada posto en función do tipo de traballo desenvolvido¹³. Esta achega determina, ademais, que estas probas deben ter carácter xeral e obrigatorio para o acceso a todas as prazas e que poden ser ou non eliminatorias. A tal diversidade nos procesos selectivos existentes en Galicia non se recolle só en Moaña (como se verá) senón que noutros concellos (García Conde, 2002: 59) coma Ferrol ten un carácter eliminatorio o que se substitúe por un título de iniciación e perfeccionamento en Pontevedra ou como mérito obrigatorio no Concello de Santiago. A diverxencia no tipo de proba tamén é abondoso (traducións, tipo test ou redaccións) polo que nos sumamos á proposta da AFNL para tentar chegar a un perfil lingüístico o máis acaído posible ás características de cada posto de traballo. Esta medida, á vez que actúa de difusor da

⁶ Concretamente, a fala dialectal da nosa zona está adscrita ao bloque occidental, área pontevedresa, macrosubárea Verdugo-Miño, microsubárea Morrado-Fragoso (Fernández Rei, F., Dialectoloxía da lingua galega).

⁷ Cinguímonos aos datos ofrecidos pola Xunta de Galicia para esta afirmación, aínda que nos consta que xa na década dos setenta determinadas institucións (ILG, por exemplo) e algúns profesores impartían de xeito voluntario estes mesmos cursos.

⁸ Normalmente a súa organización estaba a cargo de asociacións civís preocupadas pola normalización lingüística como a AS-PG, por exemplo.

⁹ Naquel ano só se organizaron tres cursos de galego para a totalidade do funcionariado local de Galicia.

¹⁰ Unión de Traballadores do Ensino de Galicia

¹¹ Real decreto 1981/1979, do 20 de xullo de 1979. Galicia. Incorporación da lingua galega ao sistema de ensino.

¹² Sobre todo desde o Decreto 247/1995 que busca unha equiparación da competencia oral e escrita entre ambas linguas (galego e castelán) ao remate de cada un dos ciclos educativos non universitarios a través dun número mínimo de materias que se deben impartir en galego.

¹³ Ofrecése un modelo no Manual para cargos públicos sobre o uso do galego nas corporacións locais ofrecido pola Xunta de Galicia no marco da campaña No teu concello, na nosa lingua

lingua da Administración, incide na posta en valor do noso idioma que se percibe como útil e necesario nun ámbito de prestixio.

En canto ás posibilidades de formación en lingua galega por parte dos/as aspirantes ao acceso á Función Pública sabemos que en datas máis recentes e de xeito restritivo (dispoñibles só para persoal en activo na Administración pública) os cursos de iniciación e perfeccionamento¹⁴ se poden completar con cursos de linguaxe administrativa¹⁵ que, normalmente, se puntuarán á par cós outros. Á primeira acreditación (iniciación e perfeccionamento) chégase ben a través dos correspondentes cursos con niveis diferentes ben a través dun certificado expedido polo centro de ensino correspondente onde se acrediten os cursos de ensino regulado realizados e a súa equiparación cos graos mencionados. Non obstante, cremos moi aventurado dicir que tras realizar un destes cursos, dunhas setenta e cinco horas cada un, calquera persoa, sen coñecementos gramaticais previos, posúe competencia abundosa para manexarse en galego. Como moito, e aquí remitímonos a experiencias propias, mestúranse coñecementos novos cos xa posuídos cun resultado desigual. Por outra parte, os seus contidos excesivamente gramaticalistas non contribúen a modificar actitudes negativas e prexuízos sobre a lingua polo que tampouco favorecen a extensión do uso do galego entre os non galegofalantes, obxectivo que consideramos tan importante como as nocións gramaticais. A diversidade de grupos sociolingüísticos con competencias, necesidades niveis e intereses moi diferenciados (Lorenzo, (ed.), 1997: 115,116) así como as limitacións pedagóxicas, didácticas e de materiais repercuten nunha disociación entre uso e coñecemento que non se acaba de superar.

Por outra parte, non podemos obviar que esta posibilidade de formación foi considerada en xeral como unha boa estratexia de promoción profesional por parte dun continxente nada desprezable de persoal propio e alleo ás corporacións locais. Non obstante, e consonte co dito no parágrafo anterior, é queixa reiterada do profesorado o dubidoso interese que manifesta unha boa parte do alumnado nos contidos destes cursos que se mostran máis intere-

sados na consecución do diploma ca na materia impartida. Ou sexa, nunha posible promoción laboral, sobre todo na Administración.

En resumo, as posibilidades de formación que se lle ofrecen a aquela poboación que non recibiu ensino en galego son os cursos de iniciación e perfeccionamento ao remate dos cales se lle supón unha competencia abundosa en galego como para desenvolverse nesta lingua. Máis raramente poderá acceder aos de linguaxe administrativa¹⁶, sempre e cando estivese contratado pola Administración no momento da súa convocatoria. De aí que, na maior parte dos casos, este sexa o coñecemento acreditado naquelas administracións que os requiran. No Concello de Moaña a variación é maior, como se verá.

2. OUTRAS CONSIDERACIÓNS DE INTERESE

2.1. CONSIDERACIÓNS XEOGRÁFICAS

O Concello de Moaña está situado no sur da provincia de Pontevedra, lindando coa ría de Vigo ao sur e cos concellos de Cangas, Bueu, Marín e Vilaboa, cos que forma a península do Morrazo. Posúe unha poboación dunhas dezanove mil seiscientas persoas, cantidade que sufriu un lixeiro incremento nestas dúas últimas décadas por constituírse en foco de atracción para outros¹⁷. Isto supón que, malia as súas reducidas dimensións (31,5 km²), posúa unha das maiores densidades de poboación de toda a provincia¹⁸ polo que estamos a falar dunha vila cun despegue urbanizador notable nas últimas décadas dentro da órbita de influencia da cidade de Vigo, coa que está unida a través da ponte de Rande, que cruza a ría do mesmo nome.

2.2. ALGÚNS DATOS SOBRE UN CADRO DE PERSOAL

Como Administración, O Concello de Moaña posúe un cadro de persoal variable¹⁹ adscrito en tres

¹⁴ Regúlanse especificamente na Orde do 1 de marzo de 1989.

¹⁵ Nos seus niveis básico, medio e superior.

¹⁶ Existen tamén cursos de linguaxe xurídica para os traballadores da Administración de Xustiza, que non consideramos.

¹⁷ Lixeiro incremento porque rexistra unha emigración elevadísima como consecuencia dunha taxa de desemprego das máis elevadas da provincia e de Galicia.

¹⁸ Unhas cinco veces máis cá media.

¹⁹ Se ben o persoal fixo se mantén sen excesivas variacións (o seu incremento dependerá sempre da oferta pública de emprego anual) existe un continxente importante de persoal temporal que varía constantemente.

tipoloxías diferentes: funcionarios, laborais e laborais-temporais repartidos en todo tipo de postos de traballo: oficinas, Policía Local, oficios²⁰, escola de música, escola de gaitas, departamento de cultura e Patronato Municipal Beiramar²¹. Un continxente importante deste persoal foise incorporando ao longo do período analizado e, nalgunhas ocasións deberon acreditar o seu coñecemento do galego. A excepción dun funcionario (con habilitación de carácter nacional) todos os demais son galegos e nunha porcentaxe importante, naturais de Moaña. Porén, existe un coñecemento previo do idioma por ser o contorno galego-falante²² e ademais é a lingua habitual de instalación na súa gran maioría.

Ao longo deste tempo existiron convocatorias múltiples que incorporaron novo persoal ao Concello en diversas modalidades: fixo ou eventual, en diferente réxime laboral (funcionario ou laboral), que cubriron a totalidade dos destinos posibles entre o persoal (oficinas, oficios, persoal técnico, de limpeza, policía locais...) e a través dun sistema que maiormente é o concurso-oposición. É dentro do primeiro entón (concurso) no que se soe computar como mérito o coñecemento do galego de xeito desigual segundo as prazas, o momento, o réxime laboral, o tipo de relación contratual e outros criterios que iremos debullando en cada unha das corporacións gobernantes.

Finalmente, non podemos obviar a mención ao xeito de elaboración das diferentes bases que dan lugar a todos estes procesos selectivos. A falta de unicidade dun único departamento redactor supuxo unha variabilidade importante que se apreciaba en todo o período. Ou sexa, que a dependencia elaboradora variaba, non só segundo a Corporación implicada, senón incluso nun mesmo mandato, segundo a praza. Deste xeito a preparación das ofertas públicas bambea entre o departamento de persoal, o delegado de persoal, a Comisión de Persoal, o departamento implicado na praza ou outras influencias que descoñecemos. Atopamos incluso unha moción da Alcaldía na que se establecen unhas bases selectivas. Esta diversidade de axentes actuantes incidiu directamente, cando menos, na diversidade de pareceres, nos tipos de procesos selectivos escollidos, nos requisitos esixidos e no tipo de proba solicitado. Este abano, como se verá, aparece reflectido amplamente no período estudado.

2.3. CONSIDERACIÓNS XERAIS

Politicamente o Concello estivo rexido ata o último mandato analizado por forzas de esquerdas. É unha forza nacionalista a que toma o poder no primeiro goberno democrático (1979) e, tras o seu relevo polo PSOE despois de oito anos consecutivos de mandato, cédenlle a Alcaldía en 1999 ao PP, por primeira vez en vinte anos. Esta tendencia política, común no seu contorno, valeulle ao Morrazo o alcume de “península vermella”.

O período histórico que imos tratar ten como punto de partida a primeira Corporación democrática elixida tras o franquismo. Comprende, entón desde 1979 a 2000, algo máis de vinte anos nos que analizaremos o comportamento dos diferentes gobernos municipais en relación co cómputo do galego no acceso ao Concello de Moaña. Queríamos determinar se neste tempo se avaliara este coñecemento dalgún xeito, de ser así, en que momento se produce a primeira mención, que criterios se seguían (de existir) e que avaliación se levaba a cabo e para que tipo de persoal. Por outra parte, ao longo do período estudado sucedéronse corporacións de diferente signo político (nacionalistas, socialistas, populares) que dan para tentar trazar liñas directrices do comportamento de cada forza política con relación ao idioma neste punto e que quixemos relacionar coa súa postura xeral verbo da lingua.

Estes grupos políticos que se fixeron coa Alcaldía (BNG, PSOE e PP) non sempre gobernaron en solitario. Non obstante, mencionaremos normalmente o grupo que rexentaba o goberno esquecendo as alianzas políticas, se as houber.

Para a análise e exposición do proceder de cada un dos gobernos seguirase un criterio cronolóxico. É dicir, será a cronoloxía a que determine a análise no seu conxunto de cada unha das actuacións dos gobernos implicados ao longo destes últimos vinte anos.

3. CÓMPUTO DO GALEGO PARA O ACCESO Á FUNCIÓN PÚBLICA LOCAL

3.1. CORPORACIÓN DE 1979-1983

O período histórico que imos tratar ten como punto de partida a primeira Corporación demo-

²⁰ Dámoslle esta denominación comunmente ao persoal con profesións como albanel, peón, electricista, chofer, fontaneiro.

²¹ En orixe era unha escola-obradoiro que agora mudou de denominación e consideración estatutaria.

²² Un estudo sociolingüístico de elaboración propia infórmanos de que case a totalidade da poboación maior de 40 anos é galego-falante. A partir de aquí existe unha ruptura apreciable na transmisión interxeracional.

crática elixida tras o franquismo. Comprende, entón desde 1979 a 2000, algo máis de vinte anos nos que analizaremos o comportamento dos diferentes gobernos municipais en relación co cómputo do galego no acceso ao Concello de Moaña. Queríamos determinar se neste tempo se avaliara este coñecemento dalgún xeito; de ser así, en que momento se produce a primeira mención, que criterios se seguían (de existir) e que avaliación se levaba a cabo e para que tipo de persoal. Por outra parte, ao longo do período estudado sucedéronse corporacións de diferente signo político (nacionalistas, socialistas, populares) que dan para tentar trazar liñas directrices do comportamento de cada forza política con relación ao idioma neste punto e que quixemos relacionar coa súa postura verbo da lingua²³. Esta é a primeira Corporación que estrea a democracia. O goberno queda nas mans do BN-PG que gaña a Alcaldía tras unha alianza con outra forza de esquerdas, UG²⁴. Ambas formacións comparten neste primeiro momento unha mesma preocupación polo idioma aínda que o BN-PG asumía explicitamente no seu programa electoral o compromiso de: “Defender e promover o uso do noso idioma en todos os ámbitos da vida institucional e social”. Esta mesma cuestión é levada ao Pleno de investidura naquel entón. O alcalde nacionalista solicita un pronunciamento deste órgano na defensa do noso idioma, cultura e identidade nacional para o que esixe a redacción das actas en galego e anuncia intransixencia no uso do galego. A intención restauradora do goberno queda clara desde aquela pero a lexislación en vigor non favorecía precisamente a súa práctica. Ante a intención normalizadora dalgúns outros concellos coma Moaña o goberno central decide regular o uso das outras linguas españolas na actividade administrativa polo que promulga no propio 1979 o Real decreto 1111/1979 no que se regula o emprego das distintas linguas españolas nas actuacións das corporacións locais²⁵. Esta disposición couta as aspiracións normalizadoras neste aspecto pero a posibilidade de promover o coñecemento do galego para o acceso á función pública xa se lle ocorre a esta Corporación nun afastado 1982, anticipándose en dous anos á proposta que reali-

za a AFNL (moi activa nesta década) neste sentido. A praza para a que se computa é a de cabo accidental da Policía Local a través dunha redacción e no ano seguinte (1983) recóllese igualmente para a praza de sepultureiro (unha conversa). En toda esta lexislatura non existen máis mencións malia a amplitude da convocatoria.

Daquela, para intentar establecer as directrices reguladoras deste cómputo confrontamos entre si todas as variables que podían influír nesta escolla. Mais, a relación co tipo de relación contractual (fixo ou temporal), coa especificidade do traballo (PL), coa consideración de funcionario ou laboral, co sistema selectivo empregado ou coa cronoloxía na que se efectuou foron infrutuosas. Ningunha destas variables resultou determinante para establecer o criterio rector da selección destas prazas²⁶. Unicamente atopamos certa adaptación entre a categoría laboral do persoal e o tipo de proba.

3.2. CORPORACIÓN DE 1983-1987

Nesta segunda lexislatura democrática repite Alcaldía e alcalde o BNG, que goberna en solitario. As aspiracións normalizadoras da anterior lexislatura non teñen tantas pexas porque no propio 1983 promúlgase a Lei de normalización lingüística que declara o galego como lingua oficial da Administración autonómica e local²⁷. Pero aínda hai máis. No seu artigo 11 alúdese claramente a que nas probas selectivas para o acceso ás prazas da Administración autonómica e local se terá en conta o coñecemento das linguas oficiais. Esta disposición deixa aberta a posibilidade de avaliar este saber de xeito regular cara ao futuro, cousa que, como veremos, non sucede.

Por outra parte, outro acontecemento de importancia ten lugar nesta lexislatura. Estámonos a referir á declaración de alcaldes de 1984. Estes foran convocadas pola AFNL a Santiago o 16 de maio para asinar unha declaración na que se recollían unha serie de medidas normalizadoras para poñer en marcha no Concello de procedencia. Entre estas, comprometéanse a avaliar de xeito preferente o coñecemento do galego no acceso á función públi-

²³ Estes grupos políticos non sempre gobernaron en solitario. Nós ignoraremos, en xeral, as alianzas políticas citándoas só en casos puntuais.

²⁴ Siglas de Unidade Galega.

²⁵ Obriga ao dobre texto de queren manter a escrita administrativa en galego.

²⁶ Tras a análise dos outros procesos selectivos, estas características contradícanse entre si.

²⁷ No seu artigo 4.1.

ca local. Esta declaración foi asinada por case un cento de alcaldes dos entón 313 concellos de Galicia. Os municipios gobernados polo BNG mantiveron unha postura diverxente e non se sumaron a esta declaración. Como Moaña daquela estaba rexida por este partido, imaxinamos que participaba deste mesmo proceder e asumía a postura como propia.

Con todo, na convocatoria deste período (máis escasa cá pasada) case non existe mención ao cómputo do coñecemento do galego. Dos cinco procesos selectivos só se terá en conta para unha contratación temporal e outra fixa. A primeira trátase dunha equipo técnico (para Urbanismo) ao que se lle esixe coñecer o galego (aínda que non se especifica como acreditar este coñecemento)²⁸. A contratación fixa refírese a un técnico de Cultura ao que non só se lle esixe o dominio do galego senón das diferentes normativas existentes naquel entón²⁹, con dominio dunha delas. Esta característica recóllese como unha esixencia para o perfil do candidato malia que entre as súas múltiples funcións non se considera en ningún momento ningunha actividade relacionada coa lingua.

En resumo, nestoutra lexislatura a escaseza da convocatoria de emprego non dá pé para determinar os criterios que se utilizaron respecto á avaliación do coñecemento do galego para optar á función pública municipal. Mantense a non avaliación deste mérito para a Policía Local, como na Corporación anterior, mais sobresaí esta esixencia de xeito sistemático para o persoal laboral (fixo e temporal) coa particularidade da praza de Cultura. Non obstante, non podemos menos contextualizar o proceder político destes períodos. Botamos en falta certa regularidade no cómputo do galego como mérito no acceso á función pública local. Sobre todo tendo en conta o interese declarado polo equipo gobernante verbo da normalización, a advertencia temperá da posible avaliación do cómputo do galego e a xa vixente Lei de normalización lingüística favorecedora desta práctica normalizadora. Tras a temperá advertencia desta posibilidade para a promoción e acceso á Administración³⁰,

non se desenvolve en todo o seu potencial e queda minimizado, desregulado e incoherente na oferta pública de emprego deste período.

3.3. CORPORACIÓN DE 1987-1991

Nesta lexislatura prodúcese un cambio de signo político ao subir ao poder o PSOE, que releva da Alcaldía ao BNG, que a rexera durante oito anos consecutivos, os mesmos que permanecerá a nova forza.

Nesta lexislatura existen dous acontecementos de relevancia con distintas consecuencias para o tema que nos ocupa. O primeiro foi o paso fugacísimo dun concelleiro de UG³¹, forza aliada do PSOE nesta lexislatura, que manifestou un interese notable por unha normalización plena no noso Concello. O seu paso foi tan breve como prometedora xa que aquelas primeiras propostas que levou a cabo deixaron apuntado un camiño no que se pretendía abordar de xeito integral a normalización lingüística na nosa Administración. Imaxinamos que entre estas medidas estaría o cómputo sistemático do galego nos procesos selectivos, aínda que falemos xa de hipóteses imposibles de verificar.

O segundo fito que marcan un punto de inflexión é a remisión en 1988 de información³² por parte da AFNL para que, aqueles concellos que o desexen, poidan establecer baremos específicos (entre os que se contaba o coñecemento do galego) para as prazas de funcionarios con habilitación de carácter nacional. Pretendíase que, con carácter xeral, se puntuasen os cursos de iniciación, perfeccionamento, especialización e as publicacións ou actividades a prol da normalización lingüística para aqueles que quixesen exercer a súa actividade no territorio galego. O BNG, agora na oposición e consonte con esta proposta, presenta unha moción ao Pleno neste sentido que resulta aprobada por unanimidade. Deste xeito, o acordo plenario establece que os cursos mencionados se terán en conta para as prazas de interventor e secretario, vacantes no noso Concello, aínda que puntuarán de maneira diferente³³. Esta é a

²⁸ Todos os exames se fixeron en galego e, polo que nos consta, non foi precisa ningunha outra proba para responder deste saber.

²⁹ Concretamente solicitásele coñecemento das normativas da AS-PG/80, ILG E AGAL

³⁰ E posta en valor da nosa lingua co engadido da utilidade nun ámbito de prestixio.

³¹ Delegado de Cultura.

³² Trátase sobre a posibilidade legal de esixir estes coñecementos ofrecendo datos sobre a lexislación correspondente: Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública, art. 99, da Lei 7/1985 regulamentadora das bases do réxime local, Real decreto 1174/1987 sobre réxime xurídico dos funcionarios con habilitación nacional e Resolución de 1988 da Secretaría do Estado para a Administración Pública.

³³ Para a praza de secretario: curso de iniciación, perfeccionamento ou especialización, 2 puntos cada un deles, publicacións ou actividades sobre normalización lingüística, 1.5 puntos. Para a praza de interventor: curso de iniciación, 1 punto, perfeccionamento, 1.5 ptos., especialización, 2 ptos., publicacións e actividades, 1 pto, coñecemento da comarca, o seu contorno e problemática, 2 ptos.

primeira mención pero convértese nunha constante ao longo de todo o mandato. Nesta etapa para todos os procesos selectivos convocados séguese un único criterio: a avaliación do coñecemento do galego, aínda que non de maneira homoxénea. Pode tratarse dunha proba voluntaria, nunha acreditación do coñecemento ou incluso a posibilidade combinada (avaliación da proba e diplomas relacionados co posto). Tampouco se mantén en todos os casos nin a puntuación nin o mesmo tipo de proba para todas as prazas (varía entre escrita, oral ou oral e escrita á vez).

En conclusión, se tentamos establecer as directrices que marcaron o primeiro mandato do PSOE no Concello de Moaña respecto da avaliación do coñecemento do galego, atopamos que este aparece computado en todas as prazas convocadas. Comprende tanto ao persoal de oficios como de oficinas, Policía Local ou servizos periféricos, sexa fixo ou temporal, funcionario ou laboral, sen distincións. Mais esta unicidade de criterio non se mantén no tipo de exercicio, no que predomina o voluntario sobre o obrigatorio sen podermos determinar as razóns desta distinción. En canto ao tipo de proba (oral ou escrita) tampouco achamos homoxeneidade porque se considera, en principio, para todo tipo de persoal, a excepción da PL. O persoal laboral, igualmente segundo a convocatoria, pode someterse a unha proba oral ou escrita ou debe pasar exame do seu saber, sen máis determinacións. Non fomos quen de atopar relacións nesta discrecionalidade.

Mais, a certa sistematicidade rexistrada na avaliación dese coñecemento deunos pé para tentar pescudar na súa orixe. Nun partido, como dixemos, que se estreaba na Alcaldía e sen experiencia previa de goberno debía haber unha razón que determinase o seu proceder. Non dubidamos que, de seguro, tras este comportamento se acocha unha vontade política, non obstante, é preciso termos en conta dous datos que poden matizar esta iniciativa, sen pretender facer de menos a decisión política final. Primeiramente, a incorporación a principios de 1987 do coordinador cultural, un técnico que persoalmente estaba interesado na normalización lingüística. Descoñecemos a súa influencia nas ofertas

públicas de emprego, pero cremos que se debe ter presente xa que as primeiras referencias ás probas de galego (coa mesma fórmula que se repetirá no futuro) aparecen en 1988, un ano despois da súa incorporación ao Concello. Por outra parte, debemos significar igualmente que é desde este ano 1988 cando este técnico é destinado ao Servizo de Normalización Lingüística, posto en marcha con motivo da subvención outorgada pola Xunta de Galicia con este fin³⁴.

O outro dato que pode estar en relación é a chegada en 1989 dunha funcionaria con habilitación de carácter nacional que tomará posesión como secretaria. Desde esta data obsérvase certa metodoloxía na redacción das bases para a selección de persoal nas que a incorporación da proba de galego puidera estar relacionada coa súa procedencia³⁵, o Concello de Redondela, onde estivera varios anos. Este Concello posuía un Servizo de Normalización Lingüística desde 1981, pioneiro en toda Galicia, e que neses anos estaba a desenvolver unha actividade incesante. O funcionario que estaba ao fronte era, así mesmo, membro da AFNL da que partiron numerosas iniciativas normalizadoras. Ao igual que no caso anterior, non podemos avaliar con exactitude a influencia que puido exercer esta persoa, mais xulgamos que quizais a presenza de ambas puido ser significativa para a inclusión sistemática deste tipo de coñecemento nas convocatorias destes anos.

3.4. CORPORACIÓN DE 1991-1995

Na seguinte lexislatura non se producen novidades de mención. O PSOE, como se dixo, conserva o poder e mantén un quefacer parello ao pasado coa experiencia que lle dan eses primeiros catro anos de goberno. A diferenza reside en que contra a avaliación sistemática da Corporación anterior do cómputo do galego, na actualidade recóllese unicamente para os traballadores fixos (con independencia do posto de traballo e do tipo de réxime laboral) e obviarase para o persoal temporal. Advertimos igualmente outra diverxencia no tipo de proba. A voluntaria, na que non se determina a clase de exame³⁶, afec-

³⁴ A lei que declara o galego lingua oficial das entidades locais é deste mesmo ano. Nela menciónase que para cumprir os mínimos na escrita da Administración local poranse en marcha uns servizos de normalización lingüística, para o que establece liñas de axuda nunhas ordes que saen por entón.

³⁵ Aventuramos esta posibilidade aínda tendo en conta que esta funcionaria ten como lingua de instalación o castelán e a súa actitude respecto da normalización do galego non era especialmente favorable.

³⁶ Literalmente figura: “exercicio voluntario que consistirá nunha proba de coñecemento do galego”.

ta sempre ao persoal de oficios, con menor cualificación profesional. Nas outras convocatorias esíxese a acreditación do coñecemento do galego (sen determinar) que nalgúns casos pode xustificarse cos diplomas de iniciación e perfeccionamento. A praza de servizos múltiples terá en conta o galego igualmente na entrevista. Tamén existe outra concordancia no tipo de proceso selectivo escollido. Trátase en todas as prazas dun concurso-oposición na que o galego se apreciará sempre na fase de oposición para o persoal de oficios, na de concurso para as demais.

En definitiva, nesta Corporación achamos unha gran sistematicidade nos criterios de avaliación no coñecemento do galego. Aparecerá sempre recollido para as prazas fixas, nunca para as temporais, como exercicio voluntario na fase de oposición para os traballadores de oficios, como mérito que se xustificará na fase de concurso para os de oficinas e PL e cunha puntuación idéntica para todos os casos, a excepción da praza de servizos múltiples. En todo caso, sorprende o cambio de directrices no mesmo partido, no mesmo alcalde e en mandatos sucesivos. Quizais unha maior elaboración no criterio pode responder a esta mudanza de parecer.

3.5. CORPORACIÓN DE 1995-1999

Este novo mandato estréase cun novo cambio de rexedor aínda que con matices. O goberno volve ás mans do BNG tras un pacto co PSOE, que pasa a co-gobernar o municipio. Lexislativamente, unha nova lei, (Lei de Administración local de Galicia) de 1997 ratifica expresamente a necesidade de que o persoal municipal posúa coñecementos da lingua propia. O seu artigo 245.6 afirma claramente que “Nos sistemas de selección que se realicen para o acceso ás prazas da Administración local terá que demostrarse o coñecemento da lingua galega”. Aínda así, o mandato desta disposición normativa non se ten en conta de maneira sistemática nesta lexislatura. A escasa oferta de emprego (tres procesos selectivos) deste período non dá para demasiadas confrontacións. Non obstante, volven a producirse diferenzas de importancia. Contra a non consideración deste coñecemento para a Policía Local si se recolle para unha praza de técnico cultural³⁷, aínda sendo

ambas temporais. A outra oferta de emprego, un auxiliar administrativo de promoción interna, contabiliza como méritos os cursos de formación e perfeccionamento e outros impartidos por centros oficiais³⁸. Finalmente, antes de rematar o seu mandato, este goberno deixa convocada unha oferta de emprego con once prazas (persoal laboral e de oficios) que foi anulada polo goberno entrante. En todas elas se puntuaban os cursos de iniciación e perfeccionamento de igual xeito.

En conclusión, semella haber dous comportamentos diferenciados para un mesmo goberno, un mesmo período pero con certo criterio cronolóxico. No tramo final do mandato non se establece ningún tipo de distinción e avalíase de igual xeito para todo tipo de postos. Mais a falta de coherencia prevalece nas outras prazas. Tendo sempre en conta a exigüidade destas convocatorias, nun primeiro momento establécense diferenciacións segundo a praza ao considerarse para un posto de funcionario, de oficinas, e de acceso restrinxido. Para as temporais (laborais), compútase ou non dependendo do destino. Non para a PL e si para Cultura, nunha praza que xa fora avaliada na Corporación anterior e á que non se lle esixira este coñecemento. Á parte desta diverxencia, tampouco puidemos atopar o parecer que rexeu este proceder.

3.6. CORPORACIÓN DE 1999

No momento da recollida de datos para o presente artigo o partido gobernante leva tan só un ano na Alcaldía e ese será o período de análise desta Corporación. O que primeiramente debemos destacar é un novo cambio de talante no goberno desta lexislatura xa que por primeira vez desde a democracia toma o poder o Partido Popular.

Con todo, neste curto período existiu oferta de emprego público moi minguada, para cubrir vacantes de persoal temporal (2) e unha bolsa para a oficina de turismo. No primeiro caso trátase dunhas substitucións, concretamente dun técnico en actividades socio-culturais e unhas bolsas de traballo que consisten nuns listados, un por cada posto, onde figurarán os solicitantes por orde de puntuación segundo os méritos presentados. Estes listados teñen como finalidade o

³⁷ Á que non se lle tivera en conta na lexislatura anterior (trátase dunha praza xa existente no período anterior).

³⁸ Aquí poderían engadirse os cursos de linguaxe administrativa que se contabilizarían a máis consonte o número de horas.

cubrir aquelas vacantes que se puidesen producir no Concello por mor das vacacións, enfermidades ou acumulación de tarefas. O proceso selectivo escollido foi nas tres ocasións o de concurso, polo que os solicitantes debían acreditar os méritos solicitados, entre os que se conta o coñecemento do galego, para a praza de Cultura e para as vacantes de conserxe e auxiliar administrativo nas listas mencionadas. A acreditación do coñecemento varía entre unhas e outras xa que mentres á primeira abóndanlle os cursos de iniciación e perfeccionamento, as últimas engaden os cursos de linguaxe administrativa. Para as demais prazas, todas de oficios non aparece mencionado. Finalmente, na bolsa para a oficina de turismo entre os requisitos solicitados para a súa contratación non se considera o coñecemento do galego. Non ocultamos que tal decisión resulta sorprendente xa que entre os méritos avaliados cóntase o coñecemento de idiomas pero non o propio da Comunidade na que se expresa unha porcentaxe moi importante da poboación.

En resumo, tendo en conta neste caso a escaseza dos datos de recollida, podemos concluír que, con carácter xeral, o requirimento do galego se establece para aquel persoal que non sexa de oficios con destino en oficinas e Cultura. Parece deducirse, primeiramente, que se trata dunha relación verbo da cualificación profesional (si se esixe para persoal con maior formación e non para o restante) pero esta afirmación contradíse coa praza de turismo, para a que si se require unha boa formación, incluíve o dominio de idiomas doutros países aínda que non o de Galicia. Resulta curioso que sexan precisamente estes traballadores os que non deben demostrar coñecemento da fala do lugar onde se sitúan. É un dato que semella falar dunha contradición importante. Non obstante, con esta minguada recollida non fomos quen de precisar se o comportamento político ao respecto vai obedecer a unhas claves que descoñecemos ou esta incoherencia detectada polo de agora será a norma futura.

4. CONCLUSIÓNS

A xeito de conclusión podemos dicir que nestes vinte anos de democracia analizados no Concello de Moaña produciuse unha abondosa

oferta de emprego público que incrementou notablemente aquel primeiro cadro de persoal orixinario. Estas convocatorias leváronse a cabo baixo o mandato dos diferentes grupos políticos que gobernaron o municipio neste tempo. Así, desde 1979 ao 2000 podemos contabilizar, nesa orde, ao BN-PG-UG, BNG, PSOE-EG, PSOE, BNG-PSOE e PP respectivamente. Así que, aquela pretensión primeira de tentar establecer os criterios determinantes sobre o coñecemento do galego para os diferentes procesos selectivos non foi tan doada como, en principio, podía semellar. Na maioría dos casos non puidemos establecer as directrices que marcaron o seu proceder. Isto aconteceu, sobre todo, na primeira e segunda lexislaturas (1979-87), gobernadas polo BNG³⁹. Non puidemos atopar ningún tipo de correspondencia entre avaliación dese saber con ningún dos referentes establecidos. Así, non fomos quen de establecer relacións nin cronolóxicas, nin contractuais (fixo/temporal), nin de réxime laboral (laboral/funcionario), nin de destino (oficinas/ PL/oficios), nin na especificidade do posto de traballo, nin no tipo de proba (oral/escrita). Non se lle debe negar, por outra parte, o mérito a esta Corporación de ser unha das pioneiras en considerar este coñecemento para o acceso á función pública se ben esta esixencia non se mantivo de maneira sistemática. Ademais, a mención a este cómputo é escasa (de 19 procesos só se recolle para 5) polo que, cremos, se desaproveita unha oportunidade interesante de promoción do idioma, unha posta en valor⁴⁰ que se contradi co compromiso adoptado polo nacionalismo con relación á reivindicación e defensa da lingua propia.

Nas lexislaturas gobernados polo PSOE (1987-95) si é posible establecer certa unicidade de criterio, aínda con diferentes pareceres entre a primeira e a segunda. Na primeira o coñecemento do galego terase en conta sistematicamente para todas as prazas, para todos os procesos selectivos, para todo tipo de persoal. Tan só se diferencia á Policía Local en canto o tipo de exercicio e de proba. Na segunda, si se considera para as prazas fixas, non para as temporais, como exercicio voluntario na fase de oposición para o persoal de oficios, como mérito na fase de concurso para os de oficinas e PL. Descoñecemos as razóns deste cambio de parecer no mesmo partido, co mesmo

³⁹ Úsase a modo de simplificación as siglas do partido que rexe a Alcaldía. O primeiro mandato está, como se leva dito, gobernado por BN-PG/UG.

⁴⁰ Ao ser considerado ese coñecemento nun ámbito formal e de prestixio como a función pública local, como dixemos.

rexedor e en mandatos consecutivos. Quizais un criterio máis elaborado sexa o responsable da mudanza. De todos os xeitos é neste período onde podemos atopar unha mención ao galego nunha proporción abafante e de xeito sistemático. Dos 19 procesos selectivos, compútase en 17 polo que existe unha gran diferenza en relación co partido nacionalista. Aínda así, non debemos esquecer nas lexislaturas do primeiro a pouca implantación que por entón podía ter esta formación específica que, como sabemos, se foi consolidando a medida que nos adentrabamos nas décadas dos oitenta e noventa. Con todo, a diverxencia é maior se temos en conta o programa electoral de ambas formacións onde o BNG afirmaba expresamente o seu apoio e defensa do noso idioma, cuestión que o PSOE non menciona en ningún momento. Falabamos da posible influencia neste parecer do coordinador cultural (dedicado desde 1988 tamén a labores de normalización lingüística) ou da entón secretaria do Concello. Segundo palabras do por entón alcalde, en cuestións laborais, el procuraba seguir as propostas dos responsables. De ser así, aquí poderíamos atopar unha das claves desta sistematicidade, sen poder determinar a liña que separa vontade política de directriz profesional. Pero, é desde aquí que xorde novamente a carencia de criterios claros. Nos dous mandatos posteriores (1995-99 e seguinte) non nos foi posible determinar ningún tipo de relación sistemática nos procesos selectivos porque entre as 4 convocatorias, considerárase en 2, sen poder definir o parecer que as rexe sen considerar a oferta de emprego público do 98 no que se computaba para a totalidade e que, malia quedar convocada, nunca se chegou a levar a cabo ao ser anulada.

Na última lexislatura analizada, co PP ao fronte, a escaseza do tempo considerado non dá pé a confrontar debidamente o procecer destoutro grupo político. Non obstante, como se acaba de mencionar, cremos apreciar nesta altura unha falta de directrices claras ao respecto como podemos apreciar na omisión deste coñecemento para unha praza de turismo, ao que si se lle requiren outros idiomas, e para o persoal de servizos. Requírese-lle, en cambio, a un técnico cultural e ao persoal de oficinas. Este comportamento diverxente fai que adiemos conclusións determinantes sobre este mandato por non dispoñer de datos que podermos contrastar.

Por outra parte, non debemos deixar de men-

cionar o marco normativo no que se desenvolveu todo este proceso. Desde a promulgación da Lei de normalización lingüística (1983) a lexislación non fixo máis que ratificar, de diferente xeito e con diferentes amplitudes, a necesidade do cómputo do galego na Administración pública en xeral, e na local en particular. Non semella que esta lexislación favorable se atendese como un mandato normativo que seguir.

En resumo, a análise do proceder político de todo este período (1979-2000) verbo do cómputo do galego nos procesos selectivos do Concello de Moaña ofrece unha visión caótica no que a desorganización e a falta dun criterio claro e determinante semellan ser as claves que rexen os diferentes mandatos. Incluso aqueles que ofrecían maior sistematicidade (PSOE) é contradicida polo mesmo grupo, polo mesmo alcalde e nunha lexislatura consecutiva cuns criterios de aplicación diferentes. Cremos observar que a lexislación específica ao respecto⁴¹ non se considera como un mandato e si como unha posibilidade que non se observa en todas as ocasións posibles. Neste contexto unha posibilidade como a de establecer uns perfís lingüísticos para cada un dos postos de traballo da Administración en función das súas características semella unha utopía moi lonxe da realidade. Ademais, o errático proceder político en relación con este cómputo ten como consecuencia que, aínda percibíndose como unha estratexia interesante o posuír formación en lingua galega cara a unha posible promoción laboral, a falta de sistematicidade na súa avaliación non a consolida como un valor incuestionable. Como dixemos, esta ausencia constitúese como unha oportunidade perdida de gañar eidos e prestixio nun ámbito como a Administración no que, en demasiadas ocasións, a nosa lingua é ignorada. Finalmente, a intermitencia na avaliación tende a remitir nos últimos mandatos⁴² no que a posibilidade de consideración deste saber é maior ca nas primeiras lexislaturas. Computando na súa totalidade os procesos selectivos efectuados, avalíase o coñecemento do galego nun 53,48% destes, porcentaxe da que o 44,18% se corresponde cos tres últimos mandatos. Non obstante, a impresión xeral é dun proceder individual onde cada goberno actúa seguindo criterios propios que maiormente non fomos quen de determinar e que conforman un panorama final improvisado e falto de coherencia.

⁴¹ Xa mencionada ao longo do texto.

⁴² Ignoramos o último ano (1999) co PP ao fronte para as seguintes afirmacións.

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BOUZADA, X E MONTEAGUDO, H. (coord.) (2002): *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*. Volume II. Educación. Santiago de Compostela. Consello da Cultura Galega.
- COMISIÓN COORDINADORA PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (1998): *Unha lingua milenaria tras 15 anos da lei de normalización*. Xunta de Galicia: Santiago de Compostela.
- CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. (1998): *Galego, lingua propia de Galicia*. Dirección Xeral de Política Lingüística. Xunta de Galicia: Santiago de Compostela.
- CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS (1995): *Manual para cargos públicos sobre o uso do galego nas corporacións locais*. Xunta de Galicia [Santiago de Compostela].
- FERNÁNDEZ REI, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- GARCÍA CONDE, S. (2002): “O proceso de normalización lingüística desde unha administración municipal: a experiencia do Concello de Santiago” en García Conde e outros (2002): *A normalización lingüística a debate*. Vigo: Xerais.
- GRAÑA MARTÍNEZ, V. (2001): *Lexislación de lingua galega*. Edición 2001. Dirección Xeral de Política Lingüística. Xunta de Galicia: Santiago de Compostela.
- LORENZO SUÁREZ, A. M., (1997): “Planificación lingüística e dinamización: reflexións sobre o modelo de normalización lingüística en Galicia” en Lorenzo Suárez, A. (ed.) (1997): *Dinamización e normalización lingüística*. Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo: Vigo.
- MARIÑO PAZ, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña. Real Academia Galega.
- SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña. Real Academia Galega.
- SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña. Real Academia Galega.

DISPOSICIÓNS NORMATIVAS CITADAS

- Real decreto 1111/79, do 10 de maio, polo que regula o emprego das distintas linguas españolas nas actuacións das corporacións locais [BOE 14/05/79]
- Real decreto 1981/79, do 20 de xullo de 1979. Galicia. Incorporación da lingua galega ao sistema de ensino [coñecido como Decreto de bilingüismo] [BOE, 20/08/79].
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia [BOE, 28/04/81]
- Lei 3/2983, do 15 de xuño, de normalización lingüística [DOG 14/07/83]
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, sobre medidas para reforma da función pública [BOE 03/08/84]
- Lei 7/1985, do 2 de abril, regulamentadora das bases de réxime local [BOE 03/04/85]
- Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, sobre réxime xurídico dos funcionarios de habilitación nacional [BOE 29/09/87].
- Resolución do 1 de marzo de 1988, da Secretaría de Estado para a Administración Pública, pola que se aproban as bases, baremos de méritos xerais e modelos aos que deberá axustarse a tramitación do concurso xeral de traslados para provisión definitiva de postos de traballo vacantes, reservados a funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional [BOE 11/03/88].
- Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais (DOG 30/06/88).
- Orde do 1 de marzo de 1989 pola que se regulan os cursos de iniciación e perfeccionamento (DOG 18/04/89).
- Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983 de normalización lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios [DOG 15/09/95].
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG 05/08/97).